



# Consello Escolar

## Que é o Consello Escolar?

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar: profesorado, alumnado, pais e nais, e persoal de administración e servizos; ademais no Consello están representados tamén o Concello e as organizacións empresariais que colaboran co centro.

## Cales son as atribucións do Consello Escolar?

Segundo o artigo 127 da nova [Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación \(LOMLOE\)](#), as **competencias do Consello Escolar** do centro pasan a ser as seguintes:

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente Lei.
- b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sen perxuízo das competencias do Claustro do profesorado en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do/da director o directora do centro nos termos que a presente Lei establece. Ser informado do nombramento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revocación do nombramento do director ou directora.
- e) Decidir sobre a admisión do alumnado con suxección ao establecido nesta Lei e disposicións que a desenvolvan.
- f) Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos da infancia.
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Coñecer as conductas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo/a director ou directora correspondan a conductas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a



instancia de padres, madres ou titores legais ou, no seu caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.

i) Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e a sustentabilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.

j) Fixar as directrices para a colaboración, con fines educativos e culturais, coas Administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.

k) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.

l) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

m) Aprobar o proxecto de presuposto do centro.

n) Calesquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

## Quen forma parte do Consello Escolar?

No IES María Soliño de Cangas o Consello Escolar está composto polos seguintes membros:

- a) O director ou directora, que é o seu presidente/a.
- b) O xefe ou xefa de estudos.
- c) Sete representantes do profesorado.
- d) Tres representantes dos pais ou nais.
- e) Catro representantes do alumnado.
- f) Un representante do persoal de administración e servizos.
- g) O secretario ou secretaria, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.
- h) Un concelleiro ou representante do concello de Cangas
- i) Un representante, con voz e sen voto, das organizacións empresariais ou institucións laborais que colaboran co instituto no módulo *Formación en Centros de Traballo* do Ciclo Formativo.



## Comisións do Consello Escolar

➤ Comisión de convivencia:

Segundo o *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

Artigo 5. Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto.

➤ Comisión económica

*DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.*

*“No seo do Consello Escolar do instituto, existirá unha comisión económica, integrada polo director ou directora, o secretario ou secretaria, ou, se é o caso, o administrador ou administradora, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno, elixidos por cada un dos sectores.”*